



MESTRADO UNIVERSITARIO EN ESTUDOS AVANZADOS SOBRE A LINGUAXE, A COMUNICACIÓN E AS SÚAS PATOLOXÍAS (título conxunto polas universidades da Coruña, Salamanca, Santiago e Zaragoza)

PERFIL DO TÍTULO

O título de Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Comunicación, a Linguaxe e as súas Patoloxías persegue proporcionar formación avanzada, de carácter especializado e profesionalizante, e iniciar nas tarefas investigadoras a aqueles graduados e profesionais que desexen profundar en ámbitos da avaliación e intervención sobre a linguaxe e as súas alteracións

É un título conxunto das universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Salamanca e Zaragoza que cooperan cos seus recursos humanos e materiais para contribuír ao avance nestes ámbitos profesionais e da investigación coa finalidade de mellorar o desenvolvemento e a calidade de vida da poboación.

O campo da avaliación, diagnóstico e intervención sobre os trastornos da linguaxe e a comunicación evoluciona a gran velocidade. Non é posible estar ao tanto dos cambios teóricos, técnicos e metodolóxicos se non existe a posibilidade de acceder a estudos de nivel de mestrado que proporcionen unha intensificación dos coñecementos naqueles campos que constitúan o centro de interese do/a profesional.

*Comunicar para
construír e
construírmos*

OBXECTIVOS

Contribuír, desde unha perspectiva interdisciplinar, á actualización do coñecemento dos graduados en Logopedia, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía e Terapia Ocupacional e mestres de infantil e primaria, e todos aqueles relacionados ou interesados nos trastornos da linguaxe e a comunicación. Proporcionar coñecemento científico exhaustivo sobre todas aquelas alteracións incorporadas no plan de estudos.

Proporcionar coñecemento acerca das peculiaridades do traballo profesional neste ámbito, prestando especial atención á influencia que o contexto social e evolutivo teñen no tratamento deste tipo de problemas.

Proporcionar coñecemento e formación práctica sobre as estratexias, programas e técnicas de intervención propias deste ámbito de traballo.

Aplicar as estratexias e técnicas de intervención aos distintos problemas rotando por distintos centros e servizos.

Iniciar aos graduados no campo da investigación.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Preferentemente logopedistas, psicólogos/as, psicopedagogos/as, terapeutas ocupacionais, e mestres de infantil e primaria.

MÁIS INFORMACIÓN

Coordinadora: Pilar Vieiro Iglesias

vieiro@udc.gal

Facultade de Ciencias da Educación

www.masterclyp.es

PLAN DE ESTUDOS

MÓDULO BÁSICO

Introdución ás Patoloxías da Linguaxe e a Comunicación: as súas Bases Neuropsicolóxicas

Psicopatoloxía da Linguaxe e Trastornos no Desenvolvemento da Linguaxe e a Comunicación. Bases Biolóxicas da Linguaxe
Neuroloxía da Linguaxe

Fundamentos da Avaliación e o Diagnóstico

A Avaliación Psicolóxica das Alteracións da Linguaxe e a Comunicación

A Análise dos Discursos Narrativos nas Relacións de Apego

Avaliación Neuropsicolóxica da Linguaxe nas Demencias

O Proceso de Investigación nas Dificultades da Linguaxe

Metodoloxía de Investigación e Técnicas Estatísticas Básicas

Métodos e Deseños na Investigación da Linguaxe

Análise de Casos Prácticos a través dun Paquete

O Proceso da Investigación Cualitativa nos Estudos sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías

Áreas de Intensificación, ou Itinerarios, cunha oferta total de 60 créditos: 14,5 obrigatorios e o resto optativos
Elíxense 9,5 créditos optativos entre ambos os módulos.

MÓDULO DE INTENSIFICACIÓN EN AVALIACIÓN E DIAGNÓSTICO (oferta de 30,5 créditos)

Avances na Avaliación e Diagnóstico nas Alteracións da Linguaxe Oral e a Comunicación

A Avaliación do Desenvolvemento da Linguaxe e a Comunicación

Técnica e Hixiene Vocal para o Uso Correcto da Voz

Avaliación dos Problemas de Comunicación e Linguaxe no TEA

Avaliación dos Trastornos da Linguaxe e Audición desde a Práctica Clínica

Avances na avaliación e diagnóstico da lecto-escritura e as súas alteracións

Avaliación dos Procesos Cognitivo-Lingüísticos implicados na Aprendizaxe Lectoescritora

Propostas de Avaliación e Diagnóstico das Dificultades na Aprendizaxe da Lectura e Escritura. O Caso da

Avaliación da Lectura en Xordos. Cara a unha Educación Inclusiva

MÓDULO DE INTENSIFICACIÓN EN INTERVENCIÓN (oferta de 29,5 créditos)

Avances na Intervención sobre as Patoloxías do Linguaxe Oral e a Comunicación

Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica

A Intervención en Trastornos Específicos e Derivados doutros Procesos e Alteracións

Intervención nos Problemas de Comunicación e Linguaxe en TEA e algunhas Propostas Informáticas para a Intervención

Avances na Intervención sobre as Dificultades na Aprendizaxe da Lectoescritura

Prevenición das Dificultades Lectoescritoras no Ámbito Educativo

Intervención nas Alteracións da Aprendizaxe da Lectoescritura e Achegas das TIC

O Papel do Contexto Familiar no Tratamento das Alteracións da Comunicación e a Linguaxe

PRACTICUM

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Débense cursar créditos obrigatorios:

9 básicos, 8 de avaliación, 6.5 de avaliación e créditos optativos (9.5 de ambos os itinerarios).

Practicum (9 créditos) e TFM (12 créditos)

